

## RESOLUCIÓN

En execución do acordo de aprobación inicial das bases para a elaboración e execución do plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2021, adoptado pola corporación provincial na súa sesión ordinaria de 25 de setembro de 2020, considerando a asunción pola maioría do pleno da moción presentada polo grupo provincial de Ciudadanos e o abeiro das competencias que lle atribúe á Presidencia o artigo 34.1 de Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local

Polo exposto, DISPOÑO:

Ordenar a publicación do acordo plenario de aprobación inicial das bases para a elaboración e execución do plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2021 segundo o texto proposto pola Presidencia, modificando a redacción das bases 9ª e 10ª co fin de adaptalas á moción aprobada, co seguinte teor literal:

### **9ª Réxime especial para os concellos a causa da Pandemia de Covid 19**

*Os concellos da provincia, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 51.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e do persoal da corporación, dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base e dos gastos correspondentes ós servizos básicos imprescindibles para o funcionamento dos edificios municipais, tales coma auga, enerxía eléctrica e servizos de telefonía e datos. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes de que remate o día 29 de*

*novembro de 2021 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.*

**10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán a causa da Pandemia de Covid**

**19.**

*A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 24.000,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade. Da dita cantidade poderá destinarse ata un máximo de 2.000,00 € para a contratación dos servizos complementarios precisos para a execución dos investimentos proxectados.*

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.